

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 1 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2023 destinadas ás asociacións inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía (código de procedemento MT811B).

Son moitas as persoas que disfrutan da compañía do seu animal e non tomarían en consideración a posibilidade do seu abandono. Porén, a convivencia entre persoas e animais non sempre é un éxito e ás veces fracasa por temas de incompatibilidade, descoñecemento sobre as implicacións prácticas de vivir cun animal e, nalgúns casos, por unhas expectativas equivocadas sobre o comportamento animal.

Ben que aínda estamos lonxe de erradicar este problema, a sociedade está tornando cara a unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dun animal de compañía dando unha resposta positiva ante o abandono, como é a adopción dos animais que se encontran nos centros de recollida e poñendo así fin á súa situación. A isto hai que engadirlle que o abandono dos animais pode orixinar graves problemas de benestar animal, sanidade, seguridade pública e viaria e ambiente.

A protección e benestar dos animais de compañía regúlase en Galicia a través da Lei 4/2017, do 3 de outubro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Esta normativa recolle as mínimas atencións que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirlle uns mínimos de bo trato, fixando como principio fundamental de protección o da posesión ou tenza responsable, así como os requisitos que deben cumprir os animais para a súa adopción, entre eles que proveñan dun centro de recollida autorizado e que sexan entregados identificados e esterilizados. Así mesmo, a Lei 4/2017, do 2 de outubro, creou a figura das colonias felinas como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que viven na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

Correspóndelles ás administracións locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro. Para cumprir con esta encomenda lexislativa, as administracións locais



poden prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, tamén poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

As asociacións de protección e defensa dos animais, de acordo co artigo 29 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas, entre outras, as competencias relativas á aplicación de medidas de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía, e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e principios de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia, relativas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se encontren nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, á realización de campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados e a adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2023, destinadas ás asociacións inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía (procedemento MT811B).

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrrq95



2. Para os efectos do disposto na epígrafe anterior, entenderase por animais domésticos de compañía os pertencentes ás especies canina e felina, e por animal entregado en adopción, o animal doméstico abandonado que foi cedido en adopción nun centro de recollida autorizado e que consta correctamente inscrito a nome da persoa adoptante no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac) segundo o recollido no artigo 4.7 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

3. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables*

1. Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta orde de axudas:

a) Aquelas destinadas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se encontren nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, e relativos:

1º. Aos gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica dos animais coa dobre finalidade de evitar a súa reprodución incontrolada e a promoción da súa adopción.

2º. Aos gastos derivados do acto clínico para a identificación animal mediante a implantación de microchip, correspondente inscrición no Regiac e expedición de pasaporte sanitario, de acordo co recollido no artigo 12 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

3º. Aos gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico, coa finalidade de acadar un estado nutricional óptimo.

4º. Os gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas necesarias para garantir o bo estado físico e sanitario do animal e a prevención de enfermidades infectiocontaxiosas, relativos á vacinación preventiva e á desparasitación externa e interna dos animais.

b) Campañas de concienciación e promoción da tenza responsable e para a adopción de animais abandonados, que incluírá a elaboración de material divulgativo e de publi-



dade relacionada coa actividade da asociación, realización de charlas ou obradoiros, así como o desenvolvemento de campañas en prensa escrita e en medios audiovisuais.

c) Adquisición de material e equipamento para a xestión e o manexo dos animais que, en todo caso, estará destinado a dotar dos medios necesarios o centro de recollida do cal a entidade solicitante é titular ou que xestiona. Serán obxecto de subvención os seguintes elementos:

Denominación
Hidrolimpadora
Gaiola de transporte/Gaiolas portátiles/Remolques transporte animal
Vehículos de tracción para o servizo de recollida de animais
Carro de alimentación
Moega de alimentación e/ou almacenamento de alimento
Equipamento de cloración/potabilización de auga
Equipamento de videovixilancia para o coidado dos animais
Software específico para a xestión do centro de recollida
Dispositivos electrónicos necesarios para a xestión do centro de recollida (telefonía, máquinas de fotografía, ordenador, impresora)
Equipamento veterinario non consumible
Neveira
Conxelador
Quentador de auga
Gaiola trampa para a captura de animais de compañía
Gaiola de manipulación de gatos
Lazo de captura con freo de seguridade
Luvas de manexo de animais perigosos
Produtos e materiais de limpeza e desinfección
Outros equipamentos e roupas de protección individual
Outros elementos de análoga natureza

2. Non será obxecto de subvención o imposto do valor engadido (IVE).

3. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da acción subvencionable.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrrq95



Artigo 3. *Ámbito temporal*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no artigo 2 que sexan efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía con anterioridade á data de publicación desta orde.

Para poder ser beneficiarias das axudas para os gastos subvencionables destinados á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se encontren nos centros de recollida autorizados recollidos nas alíneas a) e c) do artigo 2.1, deberán ser titulares ou xestoras dun centro de recollida autorizado e inscrito no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos de Galicia.

Artigo 5. *Requisitos exigibles ás entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que teñan sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, ou na Lei 4/2017, do 3 de outubro.

Artigo 6. *Contía da axuda*

1. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá subvencionar as actuacións recollidas no artigo 2 nas seguintes contías máximas:

a) Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1º. Animais esterilizados da especie canina: ata un máximo de 50 €/animal.



2º. Animais esterilizados da especie felina: ata un máximo de 30 €/animal.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal: ata un máximo de 20 €/animal identificado.

c) Gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico: ata un máximo de 20 €/animal recollido nun centro autorizado ou nunha colonia felina das reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

d) Gastos derivados da aplicación de medidas profilácticas: ata un máximo de 30 €/animal recollido nun centro autorizado ou nunha colonia felina das reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

e) Campañas de concienciación e promoción da tenza responsable e para a adopción de animais abandonados: ata un máximo de 2.500 € por solicitante.

f) Adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais: ata un máximo de 5.000 € por solicitante.

2. No caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias, poderanse axustar as contías a *pro rata* entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 8. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3. A solicitude da axuda, segundo o anexo I desta orde (procedemento MT811B), inclúe as seguintes declaracións da entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

c) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Declaración responsable de non ter sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 1/1993, do 13 de abril, na Lei 50/1999, do 23 de decembro, ou e Lei 4/2017, do 3 de outubro.

f) No caso de optar á liña de axudas recollidas nas alíneas a) e c) do artigo 2.1, identificación do centro de recollida autorizado.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrrq95



Artigo 9. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera medio válido en dereito.

b) No caso de optar á liña de axudas recollidas na alínea a) do artigo 2.1:

1º. Acreditación fidedigna da relación existente entre a entidade titular do centro de recollida autorizado e a entidade xestora, no caso de que a entidade solicitante sexa xestora dun centro de recollida autorizado.

2º. Copia do convenio de colaboración entre a entidade solicitante e a entidade local do ámbito territorial en que se realiza a recollida dos animais domésticos abandonados ou a xestión das colonias felinas.

3º. Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado, segundo o modelo do anexo II-A desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:

i. Número de animais da especie canina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023.

ii. Número de animais da especie felina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023.

iii. Relación de fogares de acollida actualizada e centros de recollida, segundo o artigo 25 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, se dispoñen de fogares de acollemento temporal de animais domésticos.



4º. Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-A, que preste os seus servizos para o centro de recollida, que deberá incluír:

i. Relación de animais, con indicación da especie e número de microchip, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023, por concello, aos cales:

- Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.
- Se lles implantou o microchip para a identificación, se realizou a inscrición no Regiac e se expediu o correspondente pasaporte sanitario.

5º. Certificado da entidade xestora da colonia felina, segundo o modelo do anexo II-B desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:

i. Relación de colonias felinas, legalmente establecidas de acordo co artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023, en que se indiquen, a localización de cada unha delas e a identificación da colonia.

ii. Número de animais da especie felina que forman parte de cada unha das colonias felinas, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023, por concello.

6º. Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-B, que preste os seus servizos para a entidade xestora da colonia felina, que deberá incluír os seguintes aspectos:

i. Relación de animais da especie felina con indicación da colonia felina a que pertencen, tipo de marcación e/ou identificación realizada, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023, por concello, aos cales:

- Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.
 - Se lles implantou o microchip para a a identificación.
- c) No caso de optar á liña de axudas recollidas na alínea b) do artigo 2.1, memoria de actividades da campaña de concienciación, segundo o anexo IV desta orde, das actuacións, en que se recollerá de forma concisa e clara os seguintes aspectos: descrición da



actuación, finalidade, datas, localidades, lugares e medios empregados, público destinatario (perfil e número estimado de participantes), material divulgativo que se vai empregar (contidos, tipo de material, número de unidades, idioma), custo estimado por concepto para levar a cabo cada unha das actuacións descritas na memoria.

d) No caso de optar á liña de axudas recollidas na alínea c) do artigo 2.1, memoria descriptiva, segundo o anexo V desta orde, do material para o manexo de animais, na cal se inclúa, como mínimo, a seguinte información: descrición do material, finalidade, número de unidades e orzamentos económicos de cada un dos elementos, con indicación do prezo unitario e do importe total.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrqr95



Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- e) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A inscrición no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- g) A inscrición no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- h) Non ter sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 1/1993, do 13 de abril, na Lei 50/1999, do 23 de decembro, e na Lei 4/2017, do 3 de outubro.
- i) Concesións de subvencións e axudas.
- j) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrrq95



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 12. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de setembro de 2023.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrqr95



Artigo 14. Criterios de valoración

1. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas na alínea a) do artigo 2.1 serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de animais recollidos e admitidos nun centro autorizado e/ou incluídos nunha colonia felina no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023	Ata 20
2	Poboación albo sobre a cal actúa a entidade solicitante: • Ata 10.000 habitantes: 5 puntos • Máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes: 7 puntos • Máis de 100.000 habitantes: 10 puntos	Ata 10
3	Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia	15

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio número 2.

2. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas na alínea b) do artigo 2.1 serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	A entidade solicitante xestiona ou é titular dun centro de recollida autorizado ou xestiona unha colonia felina das reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro	10
2	Mix de medios empregados: • Difusión en prensa escrita: 10 puntos • Difusión en medios dixitais: 20 puntos • Actividades presenciais (grupos reducidos): 10 puntos • Elaboración de material divulgativo: 20 puntos	Ata 60
3	Duración da campaña: • Puntual (1 día): 5 puntos • Menos de 3 meses: 10 puntos • Entre 3 e 6 meses: 15 puntos • Máis de 6 meses: 20 puntos	Ata 20
4	Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia	15

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio número 2. Se aínda así continúa a igualdade, dirimirase o empate tendo en conta a data e a hora de



presentación da solicitude para a inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia.

3. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas na alínea c) do artigo 2.1 serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de animais recollidos e admitidos nun centro autorizado e/ou incluídos nunha colonia felina no período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2023	Ata 20
2	Poboación albo sobre a cal actúa a entidade solicitante: • Ata 10.000 habitantes: 5 puntos • Máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes: 7 puntos • Máis de 100.000 habitantes: 10 puntos	Ata 10
3	Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia	15

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio número 2.

Artigo 15. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O Servizo de Conservación da Biodiversidade examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 10 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, requiríraselle á entidade solicitante que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda das solicitudes realizaranse mediante a súa publicación na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/>)



CMAOT_Consewacion?content=Direccion_Xeral_Consewacion_Natureza/Animais_domesticos_e_salvaxes/seccion.html&std=Axudas_para_actuacions_encaminadas_a_proteccion_dos_animais_de_compania_abandonados_en_Galicia) a cal producirá os mesmos efectos que a dita notificación.

Non obstante, a publicación na páxina web poderá ser substituída pola súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, se así o considera oportuno o órgano instrutor.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á entidade que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. O Servizo de Conservación da Biodiversidade emitirá informes á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Conservación da Biodiversidade, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto. Non obstante, no caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias, poderanse axustar as contías a *pro rata* entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se dite resolución expresa, as entidades poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrrq95



3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución for expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 17. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola entidade beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, entidade beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no



Diario Oficial de Galicia, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Artigo 20. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións, dependente da Consellería de Facenda, co fin da ordenación e do coñecemento da actividade subvencionable en Galicia. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiránse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As entidades interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A solicitude para ser entidade beneficiaria das axudas incluídas nesta orde levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións, dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 21. *Xustificación dos gastos realizados*

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada entidade beneficiaria queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos realizados rematará o día 16 de novembro de 2023. As entidades beneficiarias deberán presentar, na forma indicada no artigo 8 desta orde, a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento, segundo o anexo VI desta orde, que inclúe unha declaración complementaria relativa á obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrqr95



financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate, de acordo co formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

b) Para xustificar os gastos das axudas reguladas na alínea a) do artigo 2.1 desta orde:

1º. Copias das nóminas do persoal facultativo contratado pola entidade solicitante e das facturas de adquisición do material empregado nas actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, identificación dos animais, aplicación de medidas profilácticas ou da compra de alimento, emitidas a nome da entidade solicitante, ou ben

2º. Copias das facturas emitidas polos servizos veterinarios externos, relativas ás actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, identificación e aplicación de medidas profilácticas, emitidas a nome da entidade solicitante.

3º. Copia das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria, con detalle de cada un dos conceptos. As facturas irán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

c) Para xustificar os gastos das axudas reguladas na alínea b) do artigo 2.1:

1º. Memoria descritiva das actuacións efectivamente realizadas, na cal se recollerán de forma concisa e clara os aspectos que se detallan a continuación.

i) Descrición da actuación.

ii) Finalidade.

iii) Datas, localidades, lugares e medios empregados.

iv) Público destinatario e asistente, no caso de charlas ou sesións informativas.

v) Material divulgativo distribuído: contidos, tipo de material, número de unidades, idioma. Achegaranse copias ou fotografías, segundo sexa posible, do material distribuído.

vi) Documentación que acredite a súa efectiva execución.



2º. Copia das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria, con detalle de cada un dos conceptos. As facturas irán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

d) Para xustificar a realización dos investimentos recollidos na alínea c) do artigo 2.1:

1º. Memoria descritiva do material adquirido para o manexo de animais, na cal se inclúa, como mínimo, a seguinte información: descrición do equipamento, finalidade, número de unidades, fotografías do material obxecto de xustificación.

2º. Copia das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria. As facturas irán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

Artigo 22. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada e debidamente xustificada. Non obstante, excepcionalmente, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, poderase subvencionar só unha parte das actuacións aprobadas sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto e que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 11, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.

3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 23. *Crédito orzamentario*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no cal se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito ade-



cuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2023, no momento da súa resolución.

2. O importe máximo das axudas que se conceden no dito exercicio orzamentario ascenderá a 220.000 €, distribuídos do seguinte xeito:

a) Para a atención e o coidado dos animais de compañía que se encontren nos centros de recollida autorizados: 170.000 € (aplicación orzamentaria 08.03.541B.481.0).

b) Campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados: 20.000 € (aplicación orzamentaria 08.03.541B.781.0).

c) Adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados: 30.000 € (aplicación orzamentaria 08.03.541B.781.0).

3. Non obstante, no suposto de que as axudas concedidas, cos límites previstos no artigo 6, non esgoten a cantidade asignada para algún dos conceptos anteriormente citados, poderase destinar a cantidade remanente a aquel en que a cantidade sexa insuficiente, sempre e cando estea dentro do mesmo capítulo orzamentario, para atender as solicitudes presentadas.

4. O importe consignado, así como a aplicación a que se impute, poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para os efectos. En todo caso, a concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

5. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CVE-DOG: yppxft2-3w21-8cc3-ugv5-zrz5nyjrrq95



Artigo 24. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de anticipación ao da súa realización.

Artigo 25. *Control das actividades subvencionadas*

